

XIII FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI

BASES DO III CONCURSO DE PINTURA AO AIRE LIBRE DE OUTEIRO DE REI

O Concello de Outeiro de Rei convoca o III Concurso de pintura ao aire libre dentro das actividades da XIII Feira da Artesanía de Outeiro de Rei.

PARTICIPANTES

Poden participar todas as persoas, aficionados e profesionais, amantes da pintura que sexan maiores de idade.

INSCRICIÓN

A inscrición é libre e gratuíta e realizarase o mesmo día da feira (6/07/2019) na caseta do Concello de Outeiro de Rei (situada na rúa do Concello, fronte á casa consistorial).

SELADO, FORMATO E IDENTIFICACIÓN

As persoas que desexen participar deberán presentarse en horario de 9:00 h a 10:30 h na caseta do Concello de Outeiro de Rei para proceder ao selado e numeración de bastidores e indicar o lugar escollido para pintar.

Os artistas deberán traer todo o material necesario para o desenvolvemento da súa obra. O soporte deberá estar montado sobre bastidor ou taboleiro ríxido de cor branca. O tamaño mínimo será de 50 x 70 cm.

Os participantes serán responsables da recollida de calquera residuo que xeren no desenvolvemento da actividade.

Só se pode presentar unha obra por autor/a.

TEMÁTICA

A temática das obras será a propia feira de artesanía e/ou calquera recuncho con encanto polo que a feira discorre (incluídas as rúas do casco vello e o Campo de Santa Isabel).

RECEPCIÓN DE OBRAS

Os participantes poderán entregar as súas obras ata as 19:30 h do mesmo día na caseta do Concello de Outeiro de Rei quedando fóra do concurso as obras que se presenten con posterioridade.

As obras se presentarán sen firmar debendo anotarse ao dorso das mesmas ou do seu soporte un lema ou título identificativo xunto cun sobre pechado no que figure de forma visible o título ou lema escollido e no seu interior os datos seguintes: nome e apelidos, nº DNI, enderezo e teléfono de contacto.

Todas as obras permanecerán expostas ata as 21:00 h ao carón do Concello de Outeiro de Rei (a tal efecto os concursantes deberán achegar un cabalete). No caso de choiva as obras serán expostas no hall de entrada do Concello de Outeiro de Rei.

FALLO DO XURADO

O fallo do xurado será inapelable e realizarase ás 20:30 h no lugar de exposición. Concluída a entrega de premios, as obras gañadoras permanecerán expostas na Casa da Cultura de Outeiro de Rei do 09/07/2019 ao 30/07/2019 en horario de 10:00 h a 14:00 h.

As obras non seleccionadas poderán ser retiradas o mesmo día do concurso polos seus autores que perderan todo o dereito sobre as mesmas se non as retiran con data límite o 31/07/2019.

XURADO

O xurado estará composto polas seguintes persoas.

En representación do Concello:

- Begoña Seco Varela , concelleira (presidenta).
- Soledad Picón Acal, axente de emprego e desenvolvemento local (vogal/secretaria).

En representación do mundo das artes:

- Anxo Barreiro Pardo, artista plástico e profesor de Educación Plástica e Visual (vogal).

O xurado reservase o dereito a declarar deserto calquera dos premios.

PREMIOS

Haberá os seguintes premios:

- 800 € e diploma acreditativo para o gañador
- 400 € e diploma acreditativo para o segundo clasificado
- 200 € e diploma acreditativo para o terceiro clasificado

Os artistas premiados estarán obrigados a firmar a súa obra.

As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Concello de Outeiro de Rei que se reserva o dereito, cando o estime, a ceder algunha delas a entidades públicas do municipio.

En cumprimento da normativa reguladora do *Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas*, aos premios superiores a 300 € lles será aplicada unha retención do 19%.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso supón a aceptación das bases así como o fallo do xurado.

A organización queda facultada para resolver calquera imprevisto que poida xurdir non recollido nestas bases.



Concello
Outeiro de Rei



feiras
Outeiro de Rei